



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

**PLATAFORMA DE
TELEFORMACIÓN DE
*VOLUNTARIADOGALEGO.ORG***

MANUAL DE USO DEL ALUMNADO
Versión Moodle 4.5

INDICE DE CONTIDOS

- 1.- A túa conta de persoa usuaria da plataforma de teleformación de voluntariado galego.org (*página a 6*)
- 2.- Panel de control do alumnado: área persoal (*páginas 6 a 13*)
- 3.- Como solicitar matrícula nos cursos dispoñibles (*página 14 a 17*)
- 4.- Como darte de baixa nun curso no que obtiveras plaza (*página 17*)
- 5.- Area de control do curso no que obtiveras plaza (*páginas 18 a 19*)
- 6.- Entrega de cuestionarios e traballos (*páginas 20 a 26*)
- 7.- O diploma de superación do curso (*página 27*)



1.- A TÚA CONTA DE PERSOA USUARIA DA PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN DE VOLUNTARIADO GALEGO.ORG



Para poder solicitar praza nos cursos da plataforma de teleformación de voluntariadogalego.org **primeiro debes darche de alta na mesma**. Unha vez que accedas co teu nome de persoa usuaria e contrasinal poderás solicitar inscrición nos cursos que desexes.

AVISO IMPORTANTE. Todos os datos do alumnado das anteriores plataformas de teleformación de voluntariadogalego.org foron migradas a esta nova plataforma polo que terás conta nesta só no caso de que te anotases con anterioridade a algún curso nalgunha das anteriores.

Se no momento de crear a túa conta, a plataforma infórmate de que xa dispós dunha, envíanos un correo a voluntariado@xunta.gal indicándonos o teu nome completo e o teu DNI e poñerémonos en contacto contigo para axudarche a recuperala.

Se aínda non tes creada unha conta de persoa usuaria da plataforma de teleformación, deberás primeiro introducir todos os datos que se che solicitan a través de **ACCEDER-CREAR UNHA CONTA NOVA**.

Por favor, le con detemento as especificacións que se che indican en relación ao teu **nome de persoa usuaria**.





VOLUNTARIADO GALEGO

Acceder

[Esqueceu o contraseña?](#)

É esta a súa primeira vez aquí?

Para o acceso total a este sitio, primeiro cómpre crear unha conta.

Crear unha nova conta

Algúns cursos permiten o acceso a
persoas convidadas

Acceder como persoa convidada

Galego (gl) ▾

Aviso sobre cookies

Nova conta


Como nome de persoa usuaria únicamente se permite o DNI/NIE, salvo persoas que traballen para a Administración da CC.AA de Galicia, en cuxo caso poden enlazar a súa conta de persoal da CC.AA.

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 dígito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando menos 1 caracteres especiais, como *, - ou #

Unha vez que envías os datos, a plataforma enviarache un correo ao correo electrónico que indicaches na túa ficha de inscrición. Ese correo conterá unha ligazón que terás que picar para **confirmar a creación da túa nova conta**.

2- PANEL DE CONTROL DO ALUMNADO: ÁREA PERSOAL

Cando accedas por primeira vez á plataforma verás a pantalla deste xeito e, no caso de que non teñas despregada a área **OS MEUS CURSOS**, debes clicar sobre a solapa situada na parte superior dereita.



Os teus **PANEIS DE NAVEGACIÓN** sempre estarán dispoñibles na parte superior da pantalla e irán variando de funcións dependendo de onde te atopes

Verás así a pantalla unha vez obtiveras praza nalgún curso:

VOLUNTARIADO GALEGO

Plataforma de formación

Inicio Taboleiro Os meus cursos

Q 🔔 TT | Modo de edición

Cursos de recente acceso



Actuacións do volunta...

Voluntariado



Actividades de baixa e ...

Cursos presenciais re...



Acreditación de comp...

Cursos en liña remata...




O voluntariado dende ...

Cursos en liña remata...



PROBA ENTORNO DE ...

Cursos en liña remata...



Formación en igualdad...

Cursos en liña remata...

Cronograma

Próximos 7 días ▾ Ordenar por datas ▾

Buscar por tipo de actividade ou nome



Non hai cursos en progreso

Pegar o caixón do bloque X




Os meus cursos

- Actuacións do voluntariado na rexeneración de montes queimados 2026
- Actividades de baixa e media montaña, sendeirismo e escalada 2022
- Formación en igualdade para a prevención e o afrontamento da violencia de xénero. 2021
- Curso de voluntariado. Nivel básico 2021
- O voluntariado dende os centros educativos 2021
- As competencias do voluntariado: un valor en alza 2021
- PROBA ENTORNO DE PROBAS 2012
- ENTORNO DE PRUEBAS
- Acreditación de competencias de acción voluntaria 2023
- Como crear a túa propia asociación xuvenil 2023
- Curso de voluntariado. Nivel básico (2) 2025
- Curso de voluntariado: Nivel de especialización de carácter xenérico 2025

Idioma

Cando accedas por primeira vez á plataforma (ou se aínda non o fixeches) **debes programar algo moi importante, o IDIOMA no que queres que estea sempre a plataforma** (por defecto o seu idioma será o galego). Para iso tes que picar sobre a **icona do teu nome** (parte superior da pantalla).

Nesta plataforma os cursos atoparalos á túa disposición en **galego** e en **castelán**. Será moi importante programar o idioma, sobre todo para que non teñas ningún problema á hora de facer entrega das probas de cada curso e que as notas destes reflíctanse correctamente, no mesmo idioma, en cada folla de cualificacións.



Inicio **Taboleiro** **Os meus cursos**

Para poder ver que cursos están dispoñibles tes varias opcións. En calquera dos casos picando sobre o nome de cada curso **despregarase a información completa do curso en cuestión.**

1.- Primeira opción. Desde a páxina principal poderás acceder ás tres categorías nai de cursos, isto é, **Cursos presenciais**, **Campus en liña** e **Cursos en liña a través de plataforma externa**, dentro dos cales terás diferenciadas a área de **mocidade** e a área de **voluntariado**. Desde aí poderás acceder tanto a cursos vixentes, como a cursos pasados que podes buscar a través do buscador.





 Cursos presenciais Cursos voluntariado - Saber máis Cursos xuventude - Saber máis	 Campus en liña Cursos voluntariado - Saber máis Cursos xuventude - Saber máis	 Cursos online a través de plataforma externa Cursos voluntariado - Saber máis Cursos xuventude - Saber máis
--	--	--

2ª opción. Baixo as categorías nai atopase o apartado **CURSOS DISPOÑIBLES**

Cursos dispoñibles


 TÉCNICAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL APLICADAS AO VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL (VATEA) 2026	 VOLUNTARIADO AMBIENTAL INTERXERACIONAL FRENTE A EMERXENCIAS E CONTAMINACIÓN MARÍTIMA 2026	 Diseño e planificación de proxectos de voluntariado ambiental interxeracional (VAPRO) 2026	 Voluntariado ambiental interxeracional no control da flora exótica invasora (VAINI) 2026
 Voluntariado ambiental interxeracional na defensa e coidado do patrimonio natural de Galicia 2026	 Diversidade e inclusión nos proxectos de voluntariado	 Curso de voluntariado. Nivel básico Matrícula pechada	 NA REXENERACIÓN DE MONTES QUEIMADOS Matrícula pechada

3ª opción. Se o que desexas é buscar directamente un curso debes introducir o nome do mesmo no apartado de **BUSCA DE CURSOS** situado na parte superior dereita da pantalla.



Se accedes a **TABOLEIRO** entrarás no teu espazo dentro da plataforma, onde verás as imaxes dos **CURSOS aos que entrarás recentemente**. Pinchando sobre cada unha delas entrarás no contido do curso.

Tes botóns de desprazamento no caso de máis de 4 cursos.



Desde esta área tamén terás acceso ao **CALENDARIO**. Neste espazo estarán reflectidas as accións da Administración e da titorización do curso que afectan á túa experiencia de aprendizaxe. Cando algún foro, cuestionarios, tarefas, chat... teña data límite, automaticamente xerárase un evento no calendario.

Inicio Taboleiro **Os meus cursos**

No apartado **OS MEUS CURSOS** terás todos os cursos nos que obtiveses praza ao longo dos anos. Se fosen moitos e quixeses buscar un en concreto tes á túa disposición un buscador na parte superior da pantalla.

Cando queiras acceder a un curso no que obtiveses praza en todos os casos debes picar sobre o seu nome para acceder á estrutura do mesmo.

No caso dos **cursos presenciais** ou dos **cursos que sexan a través dunha plataforma de teleformación externa**, verás o lugar de realización do curso, a parte de cualificacións (*onde deixaremos constancia da túa asistencia ou non ao curso*) e a parte onde se colgará o diploma no caso de superar o curso.

Se o **curso é en liña** verás todo o contido do curso (*Benvida de quen o titorice, módulos, documentación complementaria, cuestionarios, tarefas, alén do espazo onde poderás acceder ao diploma unha vez subámolo, se é que superaches o curso*).

VOLUNTARIADO GALEGO


Plataforma de formación

Inicio Taboleiro Os meus cursos




Na barra superior tamén atoparás dúas iconas importantes **A CAMPÁ** e a **BURBULLA DE DIÁLOGO**.


 **1** Os avisos que che envíen, tanto o profesorado como quen administra a plataforma, veralos marcados na campá cun número en vermello que che indicará o total de mensaxes que recibiches. Se picas sobre a campá accederás ao contido deses avisos.

 **1** Do mesmo xeito, se, quen administra a plataforma ou profesorado, queren comunicarse contigo individualmente, terás un aviso sobre este símbolo. Como no caso anterior, se picas sobre el accederás ao seu contido e se picas sobre a mensaxe abriráseche unha fiestra na parte inferior desde onde poderás enviar contestación se o desexas.


A través dese espazo tamén podes comunicarche co departamento de administración se accedes a contactos.



De todos os xeitos desde calquera espazo da plataforma podes comunicarte con administración picando sobre a burbulla de diálogo que atoparás ao final do panel azul que despregas na solapa superior da pantalla.



PANEL DE DATOS E PECHE DE SESIÓN



PERFIL DE PERSOA USUARIA

Desde este espazo tes acceso aos datos que introduciches na ficha de creación da túa conta na plataforma. Será aquí onde poidas corrixir eses datos ou actualizalos.

Deberás acceder aquí tamén cando se che indica que falta algún de vital importancia (*como a túa data de nacemento ou os teus segundo apelidos*).

SAIR. Desde este panel será desde onde poidas pechar sesión cando queiras sair da plataforma.

CUALIFICACIÓNS. Desde aquí tamén poderás acceder ao apartado de cualificacións, onde se reflicten as notas que obtiveses en cada curso e se picas sobre cada curso, as notas que obtiveses en cada unha das probas así como comprobar en que idioma as entregaches.



PREFERENCIAS. Poderás indicarlle á plataforma as túas preferencias respecto de diversos temas. Será desde aquí desde onde poidas **CAMBIAR O TEU CONTRASINAL DE ACCESO Á PLATAFORMA** ou mesmo **EDITAR O PERFIL**.

Preferencias

Conta de persoa usuaria

- [Editar o perfil](#)
- [Cambiar contrasinal](#)
- [Idioma preferido](#)
- [Preferencias do foro](#)
- [Preferencias do editor](#)
- [Preferencias do calendario](#)
- [Preferencias do banco de contidos](#)
- [Preferencias de mensaxe](#)
- [Preferencias de notificación](#)
- [Preferencias da ferramenta de accesibilidade](#)

Blogs

- [Preferencias do blog](#)
- [Blogs externos](#)
- [Rexistrar un blog externo](#)

3- COMO SOLICITAR MATRÍCULA NOS CURSOS DISPONIBLES.

Tal como che expliquei con anterioridade, para desprezar a información dun curso terás que picar sobre o nome do mesmo. Ao final do panel que se abra atoparás o espazo de **PREINSCRICIÓN**, desde onde poderás matricularte picando sobre a icona **MATRICULARME**. Tamén poderás agregar un comentario á túa solicitude.



Módulo 1. Fundamentos de la educación ambiental aplicada al voluntariado

1.1. Principios de la educación ambiental: evolución, marcos internacionales, aprendizaje significativo y enfoque ecosocial.

1.2. El voluntariado como agente educativo: papel del voluntariado ambiental en la sensibilización, participación y transformación territorial.

1.3. Intergeneracionalidad en la educación ambiental: transferencia de saber, aprendizaje dialógico y complementariedad de competencias.

Módulo 2. Técnicas y metodologías de educación ambiental

2.1. Metodologías activas: aprendizaje basado en la experiencia, indagación, descubrimiento guiado y aprendizaje-servicio.

2.2. Interpretación ambiental: como convertir la naturaleza en mensaje: señales, historias, metáforas y lectura del paisaje.

2.3. Dinámicas y actividades de EA: Juegos cooperativos, itinerarios interpretativos, micro-talleres y actividades sensoriales.

Módulo 3. Recursos y herramientas para la educación ambiental contemporánea

3.1. El territorio como aula: ríos, bosques, litoral, patrimonio cultural y paisaje como espacios educativos.

3.2. Herramientas digitales aplicadas a la EA: apps, mapeo, realidad aumentada, creación de materiales y recursos.

3.3. Inclusión y accesibilidad en la EA. Adaptación intergeneracional, diversidad funcional y enfoques multisensoriales.

Módulo 4. Diseño de un programa de educación ambiental aplicado al territorio

4.1. Estructura de un programa de EA: objetivos, público, metodología, recursos y evaluación.

4.2. Indicadores de impacto socioambiental: medir aprendizaje, participación, cambio de actitudes e impacto territorial.

4.3. Estrategia de continuidad y legado: Difusión, documentación, archivo vivo e integración en redes de voluntariado.

Personas Destinatarias: Preferentemente persoal técnico e persoas voluntarias das entidades inscritas no Rexistro de Acción voluntaria de Galicia e persoas voluntarias que participan no programa VAI

Número de ediciones: 1

Horas: 25

Lugar de realización: Plataforma de teleformación de voluntariadogalego.org

Fechas de realización: Do 26 de outubro ao 26 de novembro de 2026

Número de plazas: 100

Período de matriculación: Do 29 de xuño ata cubrir as prazas ofertadas

Para máis información:

Mail: voluntariado@xunta.gal

Teléfono: 900 400 800

Preinscripción/Preinscripción

Observacións

Matricúlame

Matricúlame

En canto lle deas a enviar sairache esta mensaxe en verde no lugar onde antes estaba o botón de matricularme.

Solicitud de inscripción enviada correctamente.

Recibirás por correo electrónico información cando se confirme a túa inscripción.

Continuar

No caso de que o curso xa non tivera prazas dipoñibles, ao final da información do curso **non che aparecerá o cadro de preinscripción nin o botón de matricularte**.

Unha vez que desde o departamento de Administración revisemos a túa solicitude recibirás un correo electrónico indicándoches o seguinte:

Solicitud enviada



Administrador Plafor (vía Plafor) <nonresponder@xunta.gal>

Hoxe, 13:11

Voluntariado Galego, Buzón do ✉

A solicitude de matriculación no curso PROBA2023_TERE enviouse satisfactoriamente .
Indicaráselle por e-mail se obtivo praza ou non neste curso.

La solicitud de matriculación en el curso PROBA2023_TERE se envió satisfactoriamente.
Se le indicará por e-mail si obtuvo plaza o no en este curso.

Se obtiveses plaza no curso, a plataforma enviarache ao correo estoutro mail:

Admitido



Administrador Plafor (vía Plafor) <nonresponder@xunta.gal>

Hoxe, 13:23

Voluntariado Galego, Buzón do ✉

A solicitude de matriculación que realizou no curso PROBA2023_TERE foi admitida.

La solicitud de matriculación que realizó en el curso PROBA2023_TERE ha sido admitida.

Lembra que no apartado **OS MEUS CURSOS** non se reflectirán os cursos ata que obtiveses praza nun dos que solicitases.

Os meus cursos

Vista xeral do curso



Vostede non está matriculado en ningún curso

Unha vez que se matricule nun curso, aparecerá aquí.

Mentres non obteñas praza, o único modo que tes de saber en que cursos solicitaches a preinscrición é accedendo ao curso e revisando a parte inferior da información do devandito curso. No caso de solicitar praza verás, no canto da ficha de inscrición, a mensaxe de que xa o solicitaches, mensaxe da que falamos fai un anaco.

Solicitude de inscrición enviada correctamente.

Recibirás por correo electrónico información cando se confirme a túa inscrición.

Pode darse o caso de que te anotases a un curso e que desde Administración rexéitese a túa solicitude. **Le con detemento sempre os requisitos que se indican na parte de PERSONAS DESTINATARIAS** da información do curso, por favor.

Personas Destinatarias: Profesionais do tempo libre e persoal técnico que traballa coa mocidade


Se non cumpríses os requisitos rexeitarase a túa solicitude:

“A solicitude de matriculación que realizou no curso NOME DO CURSO non foi admitida.

La solicitud de matriculación que realizó en el curso NOMBRE DEL CURSO no ha sido admitida.”

4- COMO DARME DE BAIXA NUN CURSO NO QUE OBTIVERA PRAZA.

Como é lóxico, non poderás darte de baixa nun curso **ata que obteñas praza** no mesmo.



Para poder darte de baixa debes entrar no devandito curso, ir á barra de Administración, que aparecerá na parte superior da pantalla e premer sobre **DESMATRICULARME DESTE CURSO**

Confirmar


Confirma que quere desmatricularse a si mesma/o do curso
«Inclusión no lecer educativo. Recursos para a boa práctica 2026»?

CancelarContinuar

A continuación deberás premer sobre **CONTINUAR** no cadro que se che abra.

5- AREA DE CONTROL DO CURSO NO QUE OBTIVERAS PLAZA


Unha vez que che te dá de alta como alumnado nun curso, para acceder a el ben buscas o curso a través do apartado **OS MEUS CURSOS** da barra superior de accións ou ben despregas o panel azul da dereita. En ambos os casos deberás picar sobre o seu nome para que se abra a estrutura do mesmo.



Tras picar sobre o nome verás na parte superior esquerda un **BOTÓN DESPREGABLE** a través do que **accederás á estrutura do curso e sobre a que poderás moverte e ir entrando en cada un dos apartados.**

Nos cursos en liña a estrutura do curso componse dos seguintes apartados: presentación, que contén as seccións de avisos do curso, os criterios de avaliación, a benvinda do profesorado, a área de titorías e o foro do curso, os distintos módulos, coa documentación e as probas de avaliación e o espazo do diploma, onde se che subirá o diploma se superas o curso. **Nos cursos presenciais e a través de plataformas externas** na parte de presentación verás o lugar de realización do curso, o apartado de avisos, os criterios de avaliación, unha breve enquisa de valoración, os apartados de cualificación - onde plasmarei a túa asistencia ou non asistencia ao curso - e o apartado de diploma).

Tamén contas coa **BARRA DE COMANDOS** que funciona como un camiño de faragullas.



Participantes En **PARTICIPANTES** verás o nome de todas as persoas que esteades admitidas no curso. Nesta listaxe está tamén o nome de quen titoriza/an (rol profesorado), polo que, se queres enviarlle unha mensaxe privada ao profesorado, deberás picar sobre os seus nomes e empregar o apartado de mensaxes que atoparás no perfil desa persoa.

 SA

Mensaxe

Engadir a contactos Engadir a contactos

Cualificacións Este é o acceso directo ao caderno de **CUALIFICACIÓNS**, onde iranse gardando as notas que acadas en cada unha das probas que conteña o curso.

Competencias Esta plataforma non rexistra competencias, por lo que non teñas en conta este apartado.

Entrar nas distintas seccións de que se compón o curso é tan sinxelo como clicar sobre unha delas e abrírase no centro da pantalla.

6- ENTREGA DE CUESTIONARIOS E TRABALLOS

As probas cualificables dun curso adoitan ser cuestionarios, traballos/tarefas (*que pode ser unha proba escrita ou a realización dun pequeno vídeo*) e foros cualificables (*terás que acceder a ese foro e facer a túa achega ao mesmo seguindo as instrucións do profesorado*).

Excepto no caso dos foros cualificables, non terás acceso aos cuestionarios e aos traballos/tarefas ata polo menos tres días despois de que se abra o curso ao alumnado.

Para facer entrega dun **CUESTIONARIO** picas sobre o mesmo dentro da estrutura e accederás ao apartado de información, así como ao acceso á súa realización. Para isto último deberás picar sobre **TENTAR CUESTIONARIO**. **Sempre terás 2 intentos en cada cuestionario.**



Cuestionario do Módulo I

Para facer: Recibir unha cualificación

Abertas: xoves, 27 de agosto de 2026, 9:00 AM

Pechan: martes, 1 de setembro de 2026, 11:59 PM


Tentar cuestionario

Intentos permitidos: 2

Método de cualificación: Cualificación máis alta

Nota para aprobar: 5,00 de 10,00

Cando accedas ao cuestionario veralo do seguinte xeito:



The screenshot shows a questionnaire interface. On the left, there's a sidebar with a menu icon, a 'Atrás' button, and a question summary for 'Pregunta 1' (1 point, not answered). The main area displays a question: 'Que se pretende na Pre-Planificación?' with three radio button options: a. Recompilar a maior cantidade de información posible sobre o territorio afectado polo incendio que sirva de base para as accións posteriores. b. Ter unha estimación das áreas potencialmente máis vulnerables ao lume, unha primeira avaliación doutros recursos diferentes do chan potencialmente máis ameazados. c. As dúas son correctas. Below the question is a 'Páxina seguinte' button. On the right, a dark blue panel titled 'Navegación da proba' shows a progress bar with numbers 1 to 9, and a 'Finalizar intento ...' button.

Podes ir dunha pregunta a outra picando no botón **PÁXINA SEGUINTE** ou clicando sobre a **NAVEGACIÓN DA PROBA**.

Unha vez que finalizaras a contestación ás preguntas deberás pinchar sobre **FINALIZAR INTENTO**. Na pantalla seguinte terás as opcións **VOLVER A INTENTAR**, se quixeras facer correccións nas respostas dadas e **ENTREGAR TODO E FINALIZAR**, para facer a entrega definitiva das túas respostas.

Volver a intentar

Este intento debe de ser entregado por martes, 1 de setembro de 2026, 11:59 PM.

Entregar todo e finalizar

Esta será a pantalla que verás ao darlle a "**ENTREGAR TODO E FINALIZAR**" para que confirmes a túa decisión farásela a pregunta unha última vez.

Entregar todas as súas respostas e rematar? ×

Unha vez que entregue as súas respostas, non poderá cambialas.

Cancelar

Entregar todo e finalizar

Con respecto aos **TRABALLOS/TAREFAS**, unha vez que accedes a eles clicando sobre o título na estrutura do curso, as intruccionen ben podes atopalas en formato descarga de documento PDF (*atoparalo na parte superior da pantalla*) ou ben por escrito no mesmo espazo (*no centro da pantalla*).

Tal como sucede cos cuestionarios, baixo o título indicárase desde e ata cando estará dispoñible a opción de facer a entrega. **Só poderás subir un único arquivo por traballo/tarefa.**

Para realizar unha correcta entrega de traballos/tarefas debes seguir os seguintes pasos:

1.- Picar sobre **ENGADIR ENTREGA**.

Engadir entrega



Estado da entrega

Estado da entrega	Aínda non se realizaron entregas
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Tempo restante	1 día 13 horas restante

2.- Clicar sobre a imaxe

▼ Engadir entrega

Entregas de ficheiros

Tamaño máximo dos ficheiros: 1 MB, número máximo de ficheiros: 1



Ficheiros



Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Tipos de ficheiros aceptados:

Todos os tipos de ficheiros

Gardar os cambios Cancelar

3.- Elexir a opción **ENVIAR UN FICHEIRO**

Selector de ficheiros

**Enviar un ficheiro**

**Ficheiros privados**

**Wikimedia**

Anexo

Navegar... Ningún ficheiro seleccionado.

Gardar como

Autoría

TERE TERE


Escolla a licenza ?

Todos os dereitos reservados

Enviar este ficheiro

Seleccionas o arquivo que queiras subir clicando sobre **NAVEGAR** e adxuntalo dende a carpeta do dispositivo onde o teñas gardado.

Anexo



En canto vexas que o ficheiro xa está cargado, podes indicar o nome do que subes no espazo **gardar como** e finalmente pulsas sobre o botón **ENVIAR ESTE FICHEIRO.**




4.- A continuación indicas que queres **GARDAR OS CAMBIOS.**

Engadir entrega


Entregas de ficheiros

Tamaño máximo dos ficheiros: 1 MB, número máximo de ficheiros: 1




Tipos de ficheiros aceptados:

Todos os tipos de ficheiros



5.- Chegados a este punto tes subido un **BORRADOR** do teu traballo, pero aínda no está entregado.

Nese momento podes **EDITAR ENTREGA** (para comprobar que este sea o arquivo correcto, que o arquivo conteña todos os puntos contestados do traballo que se che solicitou...), **RETIRAR A ENTREGA** (se ao editar a entrega viches que che falta algo ou que non é o arquivo correcto) ou **ENTREGAR TAREFA** se queres definitivamente facer entrega do teu traballo.



Estado da entrega

Estado da entrega	Versión preliminar (non entregada)
Estado das cualificacións	Sen cualificar

OLLO! Se deixaches o traballo/tarefa en ESTADO DA ENTREGA "VERSIÓN PRELIMINAR (Non entregada)", o profesorado do curso non o corruxirá.

Por conseguinte a terceira opción neste espazo que non debes esquecer nunca de executar é a de **ENTREGAR TAREFA**.



6.- Para entregar correctamente o teu traballo debes darlle a **CONTINUAR**.

Confirmar entrega

Confirma que quere entregar o seu traballo para cualificación? Non poderá facerlle máis cambios.



Una vez finalices ese último paso no "estado de entregas" verás que o traballo está **ENTREGADO PARA CUALIFICACIÓNS**.

Estado da entrega

Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Tempo restante	A tarefa foi enviada 1 día 13 horas en prazo
Última modificación	martes, 1 de setembro de 2026, 10:43 AM
Entregas de ficheiros	 2.png 1 de setembro de 2026, 10:35 AM

Se vas á estrutura do curso, baixo o traballo verás se este está correctamente entregado.



Traballo final do curso de voluntariado básico 2026

✓ Feito ▾

A plataforma enviarache tamén un correo electrónico indicándoches que realizaches a entrega do traballo dese curso para que che quede constancia.

7- O DIPLOMA DE SUPERACIÓN DO CURSO

CURSOS PRESENCIAIS

Elaboraranse os diploma tras a comprobación da asistencia (*comprobación das sinaturas nas follas de asistencia*).

CURSOS EN LIÑA

Unha vez que finalice o curso e o profesorado finalice a corrección dos traballos do alumnado, abrirase un **período de reclamacións de 7 días** tras o cal, desde o departamento de Administración, procederemos a elaborar os diplomas do alumnado que superase o curso.

Os diplomas serán subidos á plataforma unha vez estean asinados dixitalmente pola persoa que ostente o cargo de dirección nesta dirección xeral. Enviarase unha comunicación ao alumnado cando estean subidos.

Cando queiras descargalo unicamente terás que acceder ao curso, picar sobre o módulo de diploma da estrutura do curso e descargalo clicando sobre o documento PDF subido nese apartado.

Agardamos que sexa agradable para ti a navegación polo noso campus en liña e que os plans de formación que ofertamos cada ano che axuden e inspíren a seguir medrando.

Grazas pola túa confianza e por formar parte deste proxecto.

*Departamento de Xestión da Plataforma de teleformación de voluntariadogalego.org
Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n, 1º andar
15781 Santiago de Compostela*